

Os puntos a seguir par a elaboración do proxectos serán os seguintes:

1. **Introdución**

Presentación xeral do proxecto, do sector profesional ao que pertence e da finalidade do traballo. Explicarase brevemente a idea principal e o tipo de produto ou servizo que se vai desenvolver, xustificando a súa relación co perfil profesional do ciclo formativo.

2. **Montaxe e organización da empresa**

2.1. Descrición da empresa: Definición dunha empresa real ou simulada do sector. Tipo de empresa, nome, símbolos, actividade principal, localización.

2.2. Estrutura organizativa: Descrición da organización interna da empresa, identificando os principais departamentos e as funcións que desenvolve cada un deles.

3. **Contexto empresarial**

3.1. Contexto e contorna empresarial: Entorno profesional que rodea a empresa, análise do macro e microentorno. Factores que axudan ou dificultan a actividade da empresa. Competencia empresarial.

3.2. Estratexia e funcionamento da empresa: Clientela potencial e explicación da estratexia da empresa para dar resposta ás necesidades da clientela, así como do seu funcionamento xeral e obxectivos principais.

4. Produto ou servizo da empresa: Dentro de todos os produtos ou servizos que pode realizar a empresa que estas a describir escolle un para centrarte nel.

4.1. Identificación e características do produto ou servizo: Descrición clara do produto ou servizo que ofrece a empresa, explicando a necesidade do sector á que dá resposta. Explicación das características principais, funcionalidades ou prestacións do produto ou servizo.

4.2. Proceso de realización ou prestación, planificación das actividades: Descrición do proceso básico de elaboración do produto ou de prestación do servizo escollido, tendo en conta a realidade profesional do sector. Descrición xeral das fases e actividades necesarias para poñer en marcha a realización e ofrecer o produto ou servizo.

4.3. Recursos necesarios para o produto ou servizo: Identificación dos recursos humanos, materiais e técnicos necesarios para desenvolver o produto ou servizo.

4.4. Orzamento: Estimación dos custos principais necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

5. Conclusións: Análise básica da viabilidade, tendo en conta os medios dispoñibles e os custos asociados. Opcións de mellora ou innovacións. Outros puntos que consideres importantes mencionar.

6. **Bibliografía**

Anexos